

Razón social:**NIF:****DELEGACIÓN DE VOTO**

Para os efectos da Xunta Xeral Ordinaria de MUTUA UNIVERSAL MUGENAT, mutua colaboradora coa Seguridade Social núm. 10, convocada para o día 17 de xullo de 2019, delego a miña representación e voto no asociado ou no membro da Xunta Directiva

No caso de delegar o teu voto nun membro do Consello de Administración, ten que seleccionalo na lista despregable. As delegacións en branco serán nulas.

con instrucións de voto ás propostas da Xunta Directiva.

En _____ a _____ de _____ de _____

Sinatura e selo do asociado

NOTA INFORMATIVA

Para os efectos da organización da Xunta Xeral Ordinaria desta **Mutua Universal Mugenat, mutua colaboradora coa Seguridade Social núm. 10**, informámolo/a de que a actual Xunta Directiva está composta polos seguintes membros, co cargo que ocupan nela e a empresa asociada que representan:

| Representante | Cargo | Razón social | Núm. D.A. |
|----------------------------------|-------------------|---------------------------------------|-----------|
| Juan Echevarría Puig | Presidente | Echevarría y Asociados Asesores, S.L. | 578.967 |
| Juan Pascual Mercader | Vicepresidente 1º | Messer Ibérica de Gases, S.A.U. | 788.290 |
| José Luis Haurie Vigne | Vicepresidente 2º | Azo Gabinete, S.L. | 851.113 |
| Elizabeth Trallero Santamaría | Vogal secretaria | Congost Plastic, S.A. | 804.004 |
| Miguel de Rodrigo Bores | Vogal | Campo Anatot, S.L. | 735.301 |
| Montserrat López López | Vogal | Codorniu, S.A. | 763.888 |
| Federico Jesús Blanco Rad | Vogal | Bridgestone Hispania, S.A. | 501.698 |
| Zacarías Erimías Marín | Vogal | Securitas Seguridad España, S.A. | 862.558 |
| Jaime Aguirre de Cárcer y Moreno | Vogal | Ferrovial Servicios, S.A.U. | 639.152 |
| Gabriel Cànaves Picornell | Vogal | Melià Hotels International, S.A. | 975.617 |
| Xavier Martínez i Serra | Vogal | Go Fruselva, S.L.U. | 903.343 |

O presidente
JUAN ECHEVARRÍA PUIG
Barcelona, 1 de abril de 2019

En cumprimento do establecido nos vixentes Estatutos sociais, convocámolo/a á Xunta Xeral Ordinaria desta entidade, que terá lugar o día 17 de xullo de 2019 no Auditorio situado na Av. Tibidabo, 17-19 de Barcelona, ás 11.30 horas, en primeira convocatoria e, en caso de que non se poida comezar por falta de quórum, ás 12.00 horas en segunda, segundo a seguinte:

ORDE DO DÍA

- a) Aprobación, se procede, das contas anuais correspondentes ao exercicio 2018, así como o destino e a distribución do resultado económico positivo anual.
- b) Aprobación, se procede, do Anteproxecto de orzamento do exercicio do ano 2020
- c) Reelección de membros da Xunta Directiva que corresponde renovar e designación de cargos a teor do artigo 27 dos Estatutos vixentes.
- d) Ratificación dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a conseguinte aprobación da xestión dos órganos reitores.
- e) Designación de dous señores asociados asistentes á Xunta Xeral que deben asinar a Acta.

Informámolo/a de que as contas anuais e o anteproxecto de orzamento referidos, estarán á súa disposición a partir do próximo 1 de xullo na web pública desta entidade, accedendo a:

<https://www.mutuauniversal.net/export/sites/webpublica/.content/docs/Junta/Cuentasanuales2018.pdf>

As condicións aplicables para a acreditación da lexitimación, a asistencia e o voto, tanto propio como por representación, serán as previstas nos artigos 26 e seguintes dos Estatutos sociais.

No caso de que vostede non poida asistir á citada xunta, pode delegar a súa representación por escrito en favor doutro asociado a esta Mutua Universal que asista a ela, debidamente asinado por vostede, polo seu representante ou apoderado con poder suficiente, especificando as instrucións para o exercicio do dereito de voto, o que pode facer devolvéndonos completada e asinada a representación que se acompaña.

A representación acreditarase, se fose preciso, mediante a exhibición do Documento de asociación ou do Documento de proposición de asociación. A personalidade acreditarase mediante a exhibición de calquera documento válido en dereito.

Saúdos cordiais.

O presidente
JUAN ECHEVARRÍA PUIG
Barcelona, 1 de abril de 2019